



I SEMINARIO SOBRE ECONOMÍA DE PROXIMIDADE

UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO
DELEGACIÓN DE GALICIA



ECONOMÍA DE PROXIMIDADE: A CLAVE DO DESENVOLVEMENTO REXIONAL

A Delegación de Galicia da *Universidad Internacional Menéndez Pelayo* – UIMP, vén de convocar o I Seminario sobre Economía de Proximidade que se celebra en Galicia. A Proximidade, concepto incorporado serodiamente ao debate económico e social, adquiriu un protagonismo absoluto debido á pandemia que asola o planeta dende marzo 2020. A Covid19 puxo de manifesto a vulnerabilidade do sistema económico global ao demostrar que o abastecemento de produtos básicos como alimentos ou artigos de hixiene que entendiamos garantido baixo calquera circunstancia, non o estaba tanto.

Hai tempo que institucións como a FAO levan alertando sobre a confluencia dunha multiplicidade de elementos que poden arrastrar o planeta a unha situación crítica. Estas son as catro forzas de principal preocupación e as súas consecuencias potenciais:

Virus ou bacterias de control difícil	Quecemento global
<ul style="list-style-type: none">• Restricións ás exportacións• Falta confianza nas importacións• Acaparamento de bens• Aumentos de prezos	<ul style="list-style-type: none">• Temperaturas extremas• Furacáns, inundacións• Desertización• Perda biodiversidade
Proteccionismo	Evolución demográfica
<ul style="list-style-type: none">• Ruptura regras do comercio internacional• Conflitos territoriais• Ameazas diplomáticas	<ul style="list-style-type: none">• Migracións desde países onde a supervivencia está en cuestión• Cambio hábitos consumo• Abandono medio rural

Ademais das circunstancias que ameazan os fluxos de abastecemento dos produtos no mundo, a situación do medio natural require unha toma de conciencia urxente e profunda que ha afectar á estratexia das distintas economías. Reducir os desprazamentos de mercadorías revélase unha condición indispensable para contribuír ao control do cambio climático.

Por último, os persistentes desequilibrios económicos tanto a nivel de bloques como dentro de cada continente e país, require impulsar o desenvolvemento local que impida a drenaxe de recursos das economías menos evolucionadas cara a aquelas con mellores dotacións produtivas. Rebaixar as desigualdades territoriais debe ser outro requisito da nova política económica.

O Seminario “ECONOMÍA DE PROXIMIDAD: LA CLAVE DEL DESARROLLO REGIONAL” que vén de convocar a UIMP - Galicia, organízase para dar resposta a un contexto presidido polos factores anteriores, e presenta tres obxectivos básicos:

- ┆ Contribuír a concienciar aos asistentes sobre o papel crítico que a Economía de Proximidade terá no futuro inmediato sobre o progreso económico dos distintos países e territorios
- ┆ Indagar as claves de funcionamento da Economía de Proximidade a través dun achegamento teórico e de distintos casos prácticos reais
- ┆ Coñecer a situación da economía galega respecto desas claves de funcionamento no ámbito da Proximidade

Relatores e Programa

O Seminario conta cun equipo de relatores de primeiro nivel. Abrirá as xornadas o profesor da Universidade de París André Torre, presidente da ERSA –*European Regional Science Association*– e un dos principais referentes europeos en materia de Proximidade. Álvaro Porro, Comisionado do Concello de Barcelona para a política alimentaria e o desenvolvemento local, exporá a estratexia que a Área Metropolitana barcelonesa está a aplicar co obxectivo de acadar a soberanía alimentaria no seu territorio. O europarlamentario Nicolás Casares, en charla co xornalista Julián Rodríguez Moscoso, explicará a política das institucións europeas no eido da Proximidade, de especial relevancia trala constitución dos Fondos *Next Generation*.

Ademais, reputados especialistas tratarán cada unha das áreas da Economía de Proximidade –socioloxía, cadeas de valor, innovación, espazo rural, enerxía, colaboración– e examinarán o estado da Economía de Proximidade en Galicia. O Seminario inclúe tamén dous talleres prácticos, a exposición de experiencias reais por parte de *Muuhlloa, Fogar de Santiso, La huerta de Carmen, Trigo y*

Limpio e Gadis, e inclúe unha demostración gastronómica da man do chef Pablo Caridad.

O Seminario terá lugar na sede da Fundación “Luis Seoane” de A Coruña entre os días 6 y 8 de Setembro de 2021. O custo de asistencia son 40 euros e a inscrición, ata completar aforo, debe formalizarse previamente a través da páxina web da UIMP – Galicia.

(Adxúntase detalle do Programa)

A Coruña, 25 de Xullo de 2021